

ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMBach

Dirección do proxecto	
Nome: José Carlos Souto Otero	
Enderezo electrónico: csouto@uvigo.es	Teléfono: 986801943
Co-dirección do proxecto	
Nome: Purificación Marcet Miramontes	
Enderezo electrónico: marcet@uvigo.es	Teléfono: 986801944
Nome: M ^a Eugenia López de Silanes Vázquez	
Enderezo electrónico: esilanes@uvigo.es	Teléfono: 986801940
Nome: Graciela Paz Bermúdez	
Enderezo electrónico: graciela@uvigo.es	Teléfono 986802045
Bienio	2020-2022
Número de participantes (máx. 4)	4

Título

Actividades sobre bioloxía vexetal realizadas no laboratorio.

Resumo

O carbono é un elemento fundamental no desenvolvemento das plantas e que se incorpora ás mesmas no proceso de fotosíntese. Unha vez incorporado é utilizado, en diferentes rutas metabólicas, para construír o corpo da planta e a súa maquinaria celular. Unha parte importante dos recursos carbonados destínanse a metabolitos secundarios, que poden ter diferentes funcións, tanto fisiolóxicas como ecolóxicas. A chuvia dissolve algúns metabolitos secundarios, ao ser liberados ao medio (durante a descomposición das follas e outras partes) e poden producir efectos negativos sobre outras plantas da contorna (fenómeno coñecido como Alelopatía). Pódese usar esta propiedade para buscar herbicidas naturais a partires da liberación destes metabolitos secundarios.

Obxectivo

Preténdese que o alumnado obteña algún extracto vexetal con capacidade para funcionar como herbicida natural. É desexable que o extracto sexa fácil de obter e teña un efecto controlador do crecemento de malas herbas nalgún cultivo, sen afectar a este último.

Plan de traballo

1. Procura bibliográfica sobre control de malas herbas por extractos vexetais, que lle permita ao alumnado seleccionar o material a utilizar.
2. Seleccionar e recoller o material vexetal que vai ser usado na extracción.
3. Planificar a fase experimental.
4. Realizar os experimentos e análise dos resultados obtidos.
5. Elaboración da memoria escrita e da presentación pública dos resultados do proxecto.

Actividades complementarias

- Visita á Escola de Enxeñaría Forestal
- Visita á Xiloteca da E.E. Forestal
- Visita ao Arboreto do campus de Pontevedra